

# Sementes pequeniñas...



Luns

Martes

Mércores

Xoves

Venres

Sábado

Domingo


● tarefa ● cita — nota

# ... chegan tan lonxe coma os soños.

E medran tanto que ás veces os nosos brazos non chegan para apertalas... As árbores, xigantes de longos brazos e potentes pulmóns, son **esenciais para a saúde do noso planeta**.

Conservar as especies autóctonas é unha tarefa imprescindible, mais tamén hai árbores que, orixinarias ou non, teñen **características excepcionais** que as converten en obxecto de protección; para iso creouse o **Catálogo galego de árbores senlleiras** e en Com-

postela temos algúns exemplares moi interesantes.

Sabiades, por exemplo, que na Alameda hai un abeto que lle chaman **"A Perona"** porque disque viaxou dende os Andes canda a política arxentina Eva Duarte ("Eva Perón")?

E reparastes algunha vez no **Xinkgo** do Pazo de Fonseca? O *Ginkgo biloba* é a especie arbórea máis antiga do planeta, algo así coma un **fósil vivente** que neste caso ten

máis de 130 anos.

E que me dices da **Sequoia vermella** do Campo da Estrela? Este exemplar de máis de 100 anos pode chegar a medir ata 100 metros e débelle o seu nome a Sequoiah, membro da tribo cheroquee que inventou a escritura para a lingua do seu pobo.

Hai ganas de máis, non si?

Pois aquí vos vai un pequeno plano para que as busquedes e as coñezades.

+ **Info:** <https://www.parqueforestaldesantiago.org/arbores-senlleiras-de-santiago-de-compostela/>

